



## :: Estatutos

### ESTATUTOS

#### CAPÍTULO I

##### DO NOME, OBXECTO, DOMICILIO E ÁMBITO TERRITORIAL.

Artigo 1.- No día 28 de decembro de 1997 constituíuse a asociación sociocultural independente co nome Asociación Cultural Eliseo Alonso e apróbanse o seus estatutos

Na presente data ,17 de abril de 2004, apróbase a adaptación á Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, e normas complementarias, con capacidade xurídica e plena capacidade de obrar, sen ánimo de lucro.

Artigo 2.- A lingua oficial desta asociación será o galego.

Artigo 3.- Esta asociación constitúese por tempo indefinido.

Artigo 4.- Son fins da Asociación Cultural Eliseo Alonso:

- ▶ O enriquecemento cultural do Baixo Miño, tendo en conta as súas particularidades históricas, tradicionais, medioambientais e de fronteira.
- ▶ Promover un achegamento cultural interfronteirizo.
- ▶ Organizar actos culturais de todo tipo.
- ▶ Procura-la participación dos cidadáns nas actividades culturais que se propoñan.
- ▶ A prestación de servizos os cidadáns, especialmente á mocidade e á infancia, no eido cultural e deportivo, organizando actividades con este fin.
- ▶ Crear dentro do seo da Asociación grupos de carácter cultural, artístico, artesanal ou deportivo.
- ▶ Procura-las relacións con outras asociacións da mesma índole e promover unha acción combinada dentro das prescricións legais.

Artigo 5.- Tódolos actos que organice a Asociación serán abertos a todo tipo de público sen ningún tipo de discriminación, sen prexuízo de se prime e fomenta a inscrición de socios.

Artigo 6.- A Asociación establece o seu domicilio Social en Goián, na Praza Correo nº 1, c.p. 36750, e o seu ámbito territorial no que vai a realizar principalmente as súas actividades é o Baixo Miño, sen que iso supoña unha limitación nas súas actuacións, que poderán acadar tanto ámbito nacional como internacional. Este domicilio poderá ser variado por acordo da Asemblea Xeral, sen que tal cambio supoña modificación estatutaria.

#### CAPÍTULO II

##### ÓRGANOS DE REPRESENTACIÓN, GOBERNO E ADMINISTRACIÓN

Artigo 7.- Os órganos de representación, goberno e administración da Asociación Cultural Eliseo Alonso son a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral de socios.

##### A XUNTA DIRECTIVA.

Artigo 8.- A Asociación Cultural Eliseo Alonso estará xestionada e representada por unha Xunta Directiva composta por Presidente/a, Vicepresidente/a, Secretario/a, Tesoureiro/a e cantos vocais se xulguen necesarios.

Artigo 9.- Tódolos cargos que compoñen a Xunta Directiva serán gratuítos, podendo ser resarcidos polos gastos que supoña o exercicio do seu cargo. Estes serán designados e revocados pola Asemblea Xeral.

Artigo 10.- A elección dos cargos directivos correspóndelle unicamente á Asemblea Xeral.

Artigo 11.- O presidente e, no seu nome, aqueles membros directivos en que delegue, ostentarán a representación legal da Asociación, actuarán en nome dela e estarán obrigados a executa-los acordos validamente adoptados pola Asemblea e a Xunta Directiva.

Artigo 12.- A duración dos cargos da Xunta Directiva. será por dous anos. Tódolos cargos serán reelixibles seguindo o establecido nestes estatutos.

Artigo 13.- Os membros que formen a Xunta Directiva, unha vez que tomen posesión dos cargos, non poderán renunciar a estes se antes non presentan perante a Xunta Directiva causas plenamente xustificadas.

Artigo 14.- A Xunta Directiva reunirase regularmente unha vez o mes, sen prexuízo de celebrar cantas sesións sexan necesarias á vista dos asuntos que as requiran.

Artigo 15.- No caso de baixa da metade máis un da Xunta Directiva, convocarase a Asemblea Xeral nun prazo non superior a 30 días naturais para completala e renovala. A Xunta Directiva non poderá causar baixa colectivamente, ostentarán os seus cargos ata o nomeamento dunha nova Xunta Directiva en Asemblea Xeral dentro dos 30 días naturais seguintes, á que dará

contas da súa xestión presentando o oportuno balance, inventario e facéndolle entrega dos documentos, fondos e patrimonios da Asociación.

Artigo 16.- As determinacións tomaranse por maioría de votos dos directivos presentes. Cada un poderá salva-lo voto nos asuntos sometidos a debate. En caso de empate, decidirá o voto do presidente.

Artigo 17.- Ningún membro da Xunta Directiva poderá delegar a súa representación nin o seu voto nas reunións da Xunta Directiva.

#### FUNCIÓNS DA XUNTA DIRECTIVA

Artigo 18.- As funcións da Xunta Directiva estenderanse con carácter xeral a tódolos actos propios dos fins da Asociación, sempre que non requiran expresamente a aprobación da Asemblea Xeral.

Son funcións particulares da Xunta Directiva:

- a) Dirixi-las actividades sociais e levar a xestión económica e administrativa da Asociación, acordando realiza-los oportunos contratos e actos.
  - b) Executa-los acordos da Asemblea Xeral.
  - c) Formular e someter á aprobación da Asemblea Xeral os balances e as contas anuais.
  - d) Resolver sobre a admisión de novos socios, admisión que será ratificada na Asemblea Xeral seguinte.
  - e) Nomear delegados para algunha actividade determinada da Asociación e designa-las persoas que vaian dirixi-las agrupacións existentes ou que se creen.
  - f) Calquera outra facultade que non sexa da exclusiva competencia da Asemblea Xeral de Socios.
  - g) Interpreta-los presentes Estatutos e procura-la súa observación.
  - h) Redactar ou encargar a redacción do regulamento de réxime interior, para a súa aprobación na Asemblea Xeral, e velar polo seu cumprimento.
  - i) Nomear comisións especiais que se estimen pertinentes.
  - j) Propoñer á Asemblea Xeral a revisión ou modificación dos Estatutos, ou a disolución da Asociación.
  - k) Nomear e separar empregados da Asociación e sinalar os seus soldos e emolumentos dentro dos límites do orzamento aprobado pola Asemblea Xeral, a proposta do Presidente, tendo á vista a Lexislación Laboral vixente.
  - l) Propoñer á Asemblea Xeral a organización de actos lucrativos a beneficio dos fondos sociais da Asociación, cando así o requira o seu estado económico.
  - m) Estudia-las queixas que presenten os asociados con referencia ós servicios establecidos ou á propia directiva.
  - n) Aplica-las sancións que haxa necesidade de impor ós asociados e estudia-los recursos interpostos polos interesados.
  - o) Informar á Asemblea Xeral das actividades realizadas.
- Para contratar ou obrigarse respecto ós bens móbeis e inmóbeis e dereitos así como créditos superiores a 3.000 €, a Xunta Directiva necesitará a autorización especial da Asemblea Xeral convocada ó efecto.

#### FUNCIÓNS DOS CARGOS DIRECTIVOS

Artigo 19.- Serán funcións do Presidente:

- a) Representar legalmente á Asociación ante toda clase de organismos públicos e privados.
- b) Convocar, presidir e levantar sesións que celebre a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva, así como dirixir as deliberacións de unha e outra.
- c) Ordenar pagos e autorizar coa súa sinatura documentos, actas e correspondencia.
- d) Adoptar calquera medida urxente que a boa marcha da asociación aconselle ou no desenvolvemento das súas actividades resulte necesaria e conveniente, coa obriga inmediata de dar conta á Xunta Directiva.

Artigo 20.- Corresponde ó Vicepresidente:

- a) Sustituir ó Presidente nos casos de ausencia ou imposibilidade deste, ou nos casos nos que este ou a Xunta Directiva delegue nel expresamente.
- b) Auxilia-lo presidente naquelas misións para as que se lle requira.

Artigo 21.- O Secretario:

- a) Encargarase da administración, expedirá certificacións, levará os libros da asociación, o ficheiro de asociados e custodiará a documentación da entidade, facendo que se cursen as comunicacións sobre os acordos sociais e o cumprimento das obrigas documentais nos términos que legalmente corresponda.
- b) Levantará e asinará as actas das sesións, así como cantos escritos deban trasladarse a entidades e socios.

Artigo 22.- O Tesoureiro recadará e custodiará os fondos da asociación e dará cumprimento ás ordes de pago que expida o Presidente. A presentación das contas anuais corresponde ó Tesoureiro.

Artigo 23.- Será competencia dos vocais:

- a) Velar pola extensión e fomento dos obxectivos propios da Asociación.
- b) Cumprirán as misións que lles confíe a Xunta Directiva, e orde desta poderán suplir, en caso necesario, a calquera outro membro desta.
- c) Terán así mesmo as obrigas derivadas das seccións ou delegacións e comisións de traballo que a Xunta Directiva lles encargue.

#### A ASEMBLEA XERAL

Artigo 24.- A Asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno da Asociación e estará integrada por tódolos socios.

Artigo 25.- As xuntanzas da Asemblea Xeral serán ordinarias e extraordinarias. A ordinaria celebrarase unha vez ó ano, como mínimo, dentro dos seis meses seguintes ó peche do exercicio co fin de aprobar as contas. As extraordinarias celebraranse cando o aconsellen as circunstancias, a xuízo do Presidente, cando a Xunta Directiva o acorde ou cando o propoña por escrito dirixido ó presidente un 10% dos asociados.

Artigo 26.- As convocatorias ás Asembleas Xerais realizaranse expresando o lugar, día e hora da reunión, así como a orde do día con expresión concreta dos asuntos a tratar. Ademais nas convocatorias incluírase a seguinte información:

- a) Orde do día, que estará encabezada pola lectura da acta anterior e rematará con rogos e preguntas, con inclusión do resto dos puntos que se tercién.
- b) Copia das contas que se pretenden aprobar.
- c) Memorias, propostas e presupostos obxecto de aprobación.
- d) Mocións de censura, no seu caso.

Artigo 27.- Entre a convocatoria e o día da celebración da Asemblea en 1ª convocatoria, mediarán polo menos 7 días naturais, facendo constar a data e a hora da 2ª convocatoria, cun marxe de media hora como mínimo.

Artigo 28.- En caso de urxencia as Asembleas Extraordinarias poderán convocarse con 24 a 48 horas de antelación.

Artigo 29.- Presidirá a Asemblea Xeral o Presidente; no seu defecto o Vicepresidente ou quen, na ausencia de ámbolosdous, decida a Asemblea. Actuará de secretario o Secretario da Xunta Directiva, ou na súa ausencia, quen nomee a Asemblea. Nas Asembleas Xerais terán voz e voto os socios en plenitude de dereitos. As persoas asistentes non asociadas, con aceptación da Asemblea, poden ter voz, pero non voto. Cada socio só poderá ostentar a súa representación. Non haberá voto delegado

Artigo 30.- Son funcións da Asemblea Xeral Ordinaria:

- a) Aprobación, no seu caso, da xestión da Xunta Directiva.
- b) Aprobar ou rexeitar as propostas da Xunta Directiva en orde ó proxecto de actividades da Asociación.
- c) Aprobar as proposicións que formulen os socios e que deberán ir asinadas por un 5% destes como mínimo.
- d) Aprobar o orzamento para o exercicio seguinte.
- e) Examinar e aprobar as contas anuais.
- f) Aprobar as cotas dos socios.
- g) Fixar as contas ordinarias ou extraordinarias, no seu caso.
- h) Calquera outra que non sexa competencia exclusiva da Asemblea Extraordinaria.
- i) Acordar a remuneración, no seu caso, dos membros dos órganos de representación. Este acordo requirirá modificación de Estatutos nos aspectos nos que o tipo de remuneración non estea incluída nestes Estatutos e terá que constar nas contas anuais aprobadas en Asemblea (art.11.5 L.O. 1/2002).
- j) Nomeamento dos membros da Xunta Directiva que teñan que cambiar estatutariamente.

Artigo 31 Corresponde á Asemblea Xeral Extraordinaria:

- a) Nomeamento dos membros da Xunta Directiva para cubrir vacantes fora de prazo.
- b) Modificación dos Estatutos.
- c) Disolución da Asociación.
- d) Expulsión de socios, a proposta da Xunta Directiva.
- e) A integración en Redes, Federacións, Confederacións, ou calquera outro tipo de organismo.

Artigo 32.- As votacións serán públicas, si un 20% dos asistentes con dereito a voto non solicita que sexan secretas.

Artigo 33.- As Asembleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a metade máis un dos socios. En segunda convocatoria, calquera que sexa o número de representantes asistentes dos asociados.

Artigo 34.- Os acordos tomaranse por maioría simple dos socios presentes cando os votos afirmativos superen os negativos, non sendo computables a estes efectos os votos en branco ou abstencións. Será necesaria a maioría cualificada dos socios presentes con dereito a voto, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade dos asistentes para:

- a) Nomeamentos e ceses de Xunta Directiva e administradores.

- b) Integrarse en Federacións, Confederacións ou Redes ou constituílas.
- c) Disposición ou alleamento de bens integrantes do inmovilizado.
- d) Modificación de Estatutos.

### CAPÍTULO III

#### DEREITOS E OBRIGAS DOS SOCIOS

##### DEREITOS

Artigo 35.- Os socios terán os seguintes dereitos:

- a) Contribuíren ó cumprimento dos fins específicos da Asociación, esixindo que esta se axuste ós presentes estatutos;
- b) Utilizaren tódolos servicios e participar nas actividades organizadas pola Asociación;
- c) Aproveitaren de tódalas vantaxes e beneficios que a Asociación poida obter para os socios.
- d) Participaren nas Asembleas con voz e voto.
- e) Seren electores e elixibles para os cargos da Xunta Directiva, para o cal é condición imprescindible única ser maior de idade.
- f) Recibiren información sobre os acordos adoptados polos órganos da Asociación.
- g) Faceren suxestións ós membros da Xunta Directiva para o mellor cumprimento dos fins da Federación.
- h) Elevaren consultas relacionadas coa organización e funcionamento da Asociación.
- i) Designaren unha Comisión Revisora de Contas, composta por tres socios elixidos pola Asemblea Xeral, sen que o nomeamento poida recaer sobre membros da Xunta Directiva.
- j) Recibiren información previa ás Asembleas.
- k) Impugnaren acordos que estimen contrarios á Lei e ós Estatutos.

##### OBRIGAS

Artigo 36.- Son obrigas dos socios da Federación:

- a) Cumprir os presentes Estatutos e os acordos válidos das Asembleas e da Xunta Directiva, así como o Regulamento de Réxime Interno.
- b) Estar ó día nas obrigas económicas contraídas coa Asociación.
- c) Asistir ás Asembleas e demais actos que se organicen
- d) Tódolos que xurdan do cumprimento do fin primordial da Asociación, segundo queda indicado no artigo 3.

##### ALTAS, BAIXAS E SANCIONES

Artigo 37.- Para ser admitido como socio cómpre:

- a) Solicitalo por escrito dirixido á Xunta Directiva, indicando nome, apelidos, DNI, enderezo e os datos necesarios para domiciliar as cotas acordadas en Asemblea.
- b) Satisface-la cota de ingreso correspondente establecida.

Artigo 38.- A Asociación poderá ter socios de honor, persoas físicas ou xurídicas que polo seu prestixio contribuirán dun xeito relevante á dignificación e desenvolvemento da Asociación, facéndose dignos de tal distinción. O nomeamento dos socios de honor corresponderá á Xunta Directiva, coa aprobación cualificada da Asemblea Xeral. Estes socios non terán dereito a voto.

Artigo 39.- Os socios causarán baixa por algunha das causas seguintes:

- a) Por renuncia voluntaria, comunicada por escrito á Xunta Directiva.
- b) Por incumprimento das súas obrigas económicas, logo de terse feito 3 requirimentos escritos.
- c) Por grave incumprimento dos fins primordiais da Asociación e por acordo da Asemblea Xeral, logo do oportuno expediente sancionador.

Artigo 40.- O socio que cause baixa voluntariamente ou por expediente disciplinario perderá tódolos dereitos como tal.

Artigo 41.- Os socios que incumpran as súas obrigas coa Asociación, poderán ser sancionados pola Xunta Directiva, previa instrucción de expediente coas seguintes medidas:

- a) Apercibimento.
- b) Suspensión total ou parcial dos servicios da Asociación.
- c) Expulsión da Asociación.

O socio sancionado poderá recorrer en alzada ante a primeira Asemblea Xeral que se celebre e os acordos desta serán executivos. O expedientado ten dereito a: ser escoitado con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra el e ser informado dos feitos, debendo ser motivado o acordo que, no seu caso, impoña a sanción.

### CAPÍTULO IV

#### RESPONSABILIDADE E OBRIGAS DOCUMENTAIS

Artigo 42.- A Asociación responde das súas obrigas legais e económicas cos seus bens presentes e futuros.

Artigo 43.- Os membros da Xunta Directiva responden ante a Asociación, os asociados e terceiros por danos e débedas contraídas por actos dolosos, culposos ou negligentes. Responderán así mesmo civil e administrativamente por actos e omisións no exercicio das súas funcións e por acordos votados na Xunta Directiva, fronte a terceiros, á Asociación e ós socios.

Se a responsabilidade non pode ser imputada ós membros da directiva, a Asociación responderá solidariamente no antedito.

Artigo 44.- A Asociación está obrigada á ter da seguinte documentación, que pode ser en soporte informático:

1. Relación actualizada de asociados.
2. Actas
3. Contabilidade.

Artigo 45.- No libro de rexistro de asociados deberá consta-lo nome e apelidos dos socios, o seu número de DNI e, no seu caso, os cargos de representación, goberno e administración que exerzan na Asociación. Tamén se especificarán as datas de altas e baixas e as de toma de posesión e cese dos cargos.

Artigo 46.- Nos libros de actas consignaranse as reunións que celebre a Asemblea Xeral con expresión da data, asistentes, asuntos tratados e acordos adoptados. As actas serán asinadas en todo caso polo presidente e o secretario.

Artigo 47.- Nos libros de contabilidade figurarán tanto o patrimonio, como os dereitos e obrigas, e ingresos e gastos da Asociación, téndose que precisa-la procedencia e o destino destes, balance da situación e memoria explicativa das actuacións realizadas.

Artigo 48.- Calquera socio poderá acceder a toda a documentación obrigatoria (actas, libro de socios e contas) si así o solicita por escrito ó presidente nos términos previstos na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de nadal, de protección de datos de carácter persoal.

#### CAPÍTULO V

##### DA MOCIÓN DE CENSURA

Artigo 49.- Tódolos cargos enumerados e descritos nos presentes Estatutos, como compoñentes da Xunta Directiva, e cantos outros puideran crearse na mesma son responsables perante as Asembleas que os elixiron. Calquera socio poderá propor unha moción de censura contra calquera das persoas que ocupen eses cargos, debendo presentarse por escrito especificando o seu carácter xeral ou concretando nalgún cargo máis e unha curta exposición dos motivos. Para poder a pasar a discutir e votar a mesma, compre que a moción de censura estea apoiada, polo menos, por un tercio dos socios.

Despois de consumirse unha rolda preceptiva de defensa e outras dúas xerais potestativas de réplica e súplica, pasaríase de seguido a votación. No suposto de que sexa aceptada por maioría cualificada dos socios presentes, a moción de censura terá efecto inmediato, implicando o automático afastamento do cargo.

#### CAPÍTULO VI

##### DO RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 50.- Os recursos económicos previstos para o desenvolvemento dos fins e actividades da Federación serán os seguintes:

1. As cotas dos socios, periódicas ou extraordinarias.
2. As subvencións ou doazóns que a Asociación poida obter.
3. Os ingresos que a Asociación poida obter de calquera actividade ou manifestación que organice.
4. Os produtos da venda ou aluguer dos seus materiais, publicacións ou aparellos.
5. Calquera outro recurso lícito.

Artigo 51.- O exercicio asociativo e económico será anual e o seu peche terá lugar no 31 de decembro de cada ano.

#### CAPÍTULO VII

##### DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 52.- A Asociación disolverase cando así o acorde a Asemblea Xeral Extraordinaria, convocada ó efecto, por unha maioría de 2/3 dos asociados, así como por causas determinadas no artigo 39 do Código Civil e por sentenza firme.

Artigo 53.- En caso de disolución, nomearase unha comisión liquidadora a cal (salvo que sexa o xuíz quen acorde a disolución), unha vez saldadas e cobradas as débedas, si houbera sobranse líquido ou patrimonial. A Asemblea Xeral determinará como e a que se destinarán os fondos existentes.

A disolución da Asociación abre un período de liquidación, ata o fin do cal a asociación conservará a súa personalidade xurídica.

Corresponde os liquidadores:

- a) Velar pola integridade do Patrimonio da Asociación.
- b) Concluir as operacións pendentes ou efectuar novas, as precisas para a súa liquidación.
- c) Cobrar créditos da Asociación.
- d) Liquidar o patrimonio e pagar acredores.
- e) Aplicar os bens sobrantes os fins previstos nos Estatutos.
- f) Solicitar a cancelación dos asentos do Rexistro.

No caso de insolvencia da Asociación, os liquidadores iniciarán procedemento concursal ante o Xuíz competente.